

CERTAME LITERARIO: LETRAS GALEGAS 2016

FOTOPOESÍA ou POEMAS ILUSTRADOS sobre a vida e obra de:



O IES Urbano Lugo de Malpica convoca este certame poético para alumnos e alumnas do noso centro, de acordo coas seguintes BASES:

1. Os poemas, escritos en lingua galega, versarán sobre: **A VIDA E OBRA DE MANUEL MARÍA**. (Na web da súa casa-museo hai bastante información ao respecto: <http://www.casamuseomanuelmaria.gal>).
 2. Estarán feitos en formato papel ou dixital. Ocuparán como máximo unha folla (DINA3-DINA4). Deberán ser orixinais, inéditos e non ter recibido premio noutros certames ou concursos.
 3. Establécense **2 categorías**: unha para o alumnado de **1º e 2º de ESO**; e outra para o de **3º e 4º**. **Haberá 2 premios**, 1 por cada categoría, valorados respectivamente nuns **20€**.
 4. Presentaranse por correo electrónico a bibliogris@gmail.com ou entregaranse directamente ao profes@r de Lingua Galega correspondente. Ademais do título da obra, terá que constar o nome e apelidos do autor-a e o curso ao que pertence . **A data límite de recepción é o 13 de maio de 2016.**
 5. O xurado estará composto polos compoñentes dos equipos de EDLG, Lingua e Literatura Galegas e Biblioteca.
 6. Valorarase para a concesión dos premios, a adecuación do texto á imaxe, a creatividade e a presentación dos traballos.
 7. Os premios entregaranse durante un acto organizado ao efecto, de cuxa data informarase oportunamente.
- * Poderán presentarse, **fóra de concurso**, **poemas de Manuel María ilustrados** con fotos ou debuxos propios. **Con todos os traballos farase unha exposición** en torno ao día da festividade das nosas letras, 17 de maio de 2016.

Organiza o EDLG, en colaboración co Departamento de L.L. Galega e a Biblioteca “Manuel María”
IES Urbano Lugo - Malpica